



PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DE DESPRAZAMENTOS POLO PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA E ADXUDICACIÓN MEDIANTE CONCURSO DOS DESTINATARIOS DO PROGRAMA “VOLVER Á CASA” DA SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN.

Primeira.- Antecedentes e condicións xerais.

A Secretaría Xeral de Emigración convoca o programa de axudas que permita o achegamento a Galicia de emigrantes galegos e fillos de emigrantes galegos maiores de 55 anos residentes en América. A súa finalidade é o reencontro coa súa terra e cos seus familiares residentes aquí.

O presente prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que, xunto coas establecidas no correspondente Prego de Cláusulas Administrativas, rexerán a contratación pola Secretaría Xeral de Emigración, dos servizos de desprazamentos que se adxudicará por procedemento aberto mediante concurso.

En todo o non previsto polos anteditos pregos, estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (TRLCAP), o seu Regulamento Xeral aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e demais normativa que lle sexa de aplicación.

Segunda.- Obxecto da contratación.

O obxecto do presente contrato é a adxudicación de servizos de desprazamento das persoas participantes do programa “Volver á casa” convocados pola Secretaría Xeral de Emigración, desde o seu país de orixe a Galicia, e desde Galicia ao seu país de orixe .

Os beneficiarios do dito programa son emigrantes galegos maiores de 55 anos residentes en América, os seus cónxuxes, e tamén os fillos de emigrantes galegos maiores de 55 anos residentes en América, así como os médicos que acompañan aos grupos procedentes de Arxentina, Brasil, Uruguai e Venezuela e o coordinador acompañante do grupo de Cuba.

As saídas do país de orixe serán desde os aeroportos das capitais dos respectivos países, agás Brasil que serán desde o aeroporto de Río de Janeiro, Sao Paulo e Salvador Bahía. Incluíranse tamén na oferta os voos internos ata o aeroporto de saída. Estes voos internos poden supoñer aproximadamente un 20% de voos sobre as prazas totais de Brasil.

**Terceira.- Orzamento total da licitación e aplicación orzamentaria.**

O orzamento máximo deste contrato ascende a 219.000 €, imposto sobre o Valor Engadido (IVE) incluído, con cargo á partida orzamentaria 04.50.312C.226.07.- Actuacións derivadas da Lei de galeguidade, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Cuarta.- Número de prazas e datas de realización das viaxes.

Para o desenvolvemento do programa “Volver á casa”, a Secretaría Xeral de Emigración convoca 342 prazas, que se destinarán aos usuarios residentes nos países sinalados no seguinte recadro. No caso de que se suspenda o programa “Volver á casa” ou en caso de forza maior, quedaría sen efecto igualmente o presente contrato sen ningún custo para a Secretaría Xeral de Emigración.

O número de prazas previsto por países é o que se detalla a continuación:

Orixe das saídas	País	Número de prazas
Bos Aires	Arxentina	202
Rio de Janeiro, Sao Paulo, Salvador de Bahia,	Brasil	30
La Habana	Cuba	23
Montevideo	Uruguai	56
Caracas	Venezuela	27
México D.F., Lima, Santiago de Chile, Santo Domingo ...	Outros países de América	4

Esta asignación de prazas poderá redistribuírse no caso de que nalgún país non se cubrixe algún dos cupos anteriores. Neste caso as prazas vacantes distribuiranse entre os países que teñan inicialmente asignadas máis de 50 prazas. O aumento de prazas nestes países non poderá superar, tras a redistribución, o 15% das asignadas inicialmente.

Os participantes chegarán ao aeroporto de Galicia entre o 23 e o 26 de xuño preferentemente. O billete de volta será aberto, podendo o interesado optar polos seguintes retornos: aos 15, 30, 60 ou 90 días da súa chegada a Galicia.

Excepcionalmente en casos debidamente xustificadas e con autorización da Secretaría Xeral de Emigración, a entidade adxudicataria estaría obrigada a



ampliar as datas de retorno sinaladas polo tempo que requira a situación particular presentada. Igualmente e con a antelación necesaria, a Secretaría Xeral comunicará a entidade adxudicataria calquera tipo de variación que puidera producirse.

A entidade adxudicataria, independentemente do Plan de Transporte que presente no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cando así o solicite pola Secretaría Xeral de Emigración, deberá comunicar previamente a este órgano, as rutas a seguir no voos, como así tamén as escalas cando estas se produzan.

No caso de que nos voos programados se producise unha maior petición de billetes, debido a que a Secretaría Xeral, citase un número superior de viaxeiros para compensar as renuncias, a entidade adxudicataria incluírá a aqueles noutros voos reservados a este colectivo, tan pronto teña dispoñibilidade de prazas.

Antes do 5 de maio 2008, a entidade adxudicataria será informada pola Secretaría Xeral de Emigración do número de viaxeiros de cada país, sen prexuízo de que poidan ser susceptibles de sufrir algunha variación, entendéndose que esta no produciría nin aumento da cota global, nin no valor total da oferta. Esta variación sempre será comunicada antes da saída dos beneficiarios do programa.

Antes do 23 de maio de 2008, a entidade adxudicataria facilitará á Secretaría Xeral de Emigración os datos da viaxe nos que virán os participantes. De non poder viaxar todo o contingente dun país nos mesmos voos, indicárase a distribución segundo os plans de viaxe.

As datas dos voos e o número de reservas efectuadas non poderán ser modificadas pola entidade adxudicataria a non ser que existiran razóns de forza maior, nese caso deberán ser comunicadas á secretaria xeral cun mes de antelación.

Unha vez comunicada a distribución dos voos, a Secretaría Xeral de Emigración facilitará á entidade adxudicataria unha relación cos nomes dos pasaxeiros correspondentes a cada voo, a fin de que a dita entidade se comunique cos interesados.

A entidade adxudicataria deberá facerse cargo de calquera incidencia que suceda no traxecto, tanto de ida como de volta.



Quinta.- Condicións da contratación.

Os prezos ofertados para cada billete, serán os mais económicos segundo as necesidades de cada momento, co obxectivo de lograr o maior nivel de eficacia e aforro.

Os voos reservaranse en clase turista e acollidos á mellor tarifa posible.

As viaxes serán de ida e volta cunha estadía mínima de 15 días. As datas de regreso serán aos 15, 30, 60 ou 90 días aproximadamente conforme á petición realizada por cada beneficiario.

A entidade adxudicataria garantirá que as viaxes se realicen nas mellores condicións para os beneficiarios. Os voos elixidos terán o menor número de escalas posibles a fin de garantir o mínimo tempo de espera nos aeroportos de escala.

O aeroporto de destino preferente será o de Santiago de Compostela. As chegadas serán preferentemente en horario de mañá.

A Secretaría Xeral de Emigración aboará o 60% do custo dos billetes de avión dos beneficiarios, agás no caso de beneficiarios residentes en Bolivia, Cuba, O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua ou República Dominicana, nos que a secretaría xeral aboará o 80% do dito custo. A porcentaxe restante será aboada polos propios beneficiarios.

A Secretaría Xeral de Emigración pagará o 100% do custo dos billetes de avión dos médicos acompañantes e do coordinador acompañante do grupo procedente de Cuba.

O importe aboado pola Secretaría Xeral de Emigración, será a porcentaxe correspondente dos billetes efectivamente solicitados e emitidos, sen que necesariamente teñan que ser solicitados a totalidade dos previstos, nin poda esixirse pola entidade adxudicataria a solicitude e pago da totalidade das prazas previstas.

A entidade adxudicataria non poderá emitir ningún billete antes de que o beneficiario aboe a porcentaxe do seu custo que lle corresponda.

Sexta.- Obrigas da entidade adxudicataria.

A entidade adxudicataria deberá contar, polo menos, con sede ou sucursal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais deberá contar con delegación ou axencia colaboradora no país de orixe das persoas que se vaian desprazar, que realizará as funcións de información, cobro das porcentaxes correspondentes dos billetes e entrega dos mesmos, confirmación do tempo de



estadía en Galicia e coordinación do embarque nos aeroportos principais de saída de cada país.

A axencia colaboradora da entidade adxudicataria, deberá manter a lo menos, unha reunión previa cos beneficiarios do programa no país de orixe, co obxecto de informar de todo o concernente á viaxe, estadía, datas, horarios, reconfirmación de datas de saída e regreso e canta información sexa de interese para os beneficiarios. Naqueles países nos que o número de beneficiarios sexa inferior a 10, poderase prescindir da reunión previa, sempre que se contacte telefonicamente cos beneficiarios e se lles facilite toda a información referente aos voos.

A entidade adxudicataria asume a responsabilidade de que a delegación ou axencia colaboradora que expide os billetes proporcionen aos usuarios a información correcta sobre as características da viaxe, así como sobre o procedemento de expedición e control na venda de billetes establecido e trámites para a saída do país, e sempre de acordo coa normativa en vigor de Axencias de Viaxes.

A entidade adxudicataria deberá garantir que a delegación ou axencia colaboradora soamente expida os billetes a aquelas persoas que figuren na relación entregada pola Secretaría Xeral de Emigración, á vista do DNI ou pasaporte do beneficiario do programa.

A entidade adxudicataria deberá ter persoal nos aeroportos de saída e chegada dos voos, nos días e horas nos que os participantes cheguen ou saian, para facilitarlles os trámites a realizar, así como para a resolución de calquera continxencia e tramitación das reclamacións por perda de equipaxe que se poidan producir. No caso de que as viaxes teñan escalas, a entidade adxudicataria do contrato, contará con persoal de apoio no aeroporto de escala que acompañará aos beneficiarios desde o desembarco ata o novo embarque e lles proporcionará a axuda e asistencia técnica necesaria.

A entidade adxudicataria deberá comunicar aos responsables do programa, no menor tempo posible, calquera cambio ou incidencia respecto ás condicións iniciais que se poidan producir por causa de forza maior xustificada, en particular de cambios de horarios.

Nos beneficiarios procedentes de Cuba, a entidade adxudicataria deberá realizar todas as xestións necesarias, así como o pago das taxas ou cargos correspondentes necesarios para a saída do país de todos os beneficiarios, estimados nun máximo 510 € por beneficiario.

A entidade adxudicataria garantirá que para a comercialización, control e seguimento de todas as prazas da Secretaría Xeral de Emigración teña un soporte informático cos datos que garanta o coñecemento das prazas dispoñibles, así como a comprobación inmediata sobre a obtención do billete



por parte dos usuarios, mediante DNI – pasaporte, nome e apelidos do beneficiario.

No suposto de que, unha vez adquirido o billete, o usuario renunciara a viaxe, a entidade adxudicataria aplicará á Secretaría Xeral de Emigración e ao interesado o disposto na normativa en vigor para as Axencias de Viaxes, sen que o importe dos gastos de xestión superen en ningún caso o 5% sobre o custo do billete. No mesmo caso ocorrerá, no suposto de non poder viaxar por calquera circunstancia, quedando novamente dispoñible a praza non utilizada.

Sétima.- Contido das ofertas:

As ofertas especificarán detalladamente:

- Prezo: Referíndose ao custo total do servizo e especificará o custo unitario de cada billete individual de ida e volta, no que estarán incluídos todos os gastos de contratación, formalización e cumprimento do contrato, entre os que a título enunciativo se encontran: taxas, cargos e impostos que sexan de aplicación, incluído o IVE, gastos financeiros, beneficios, transportes, desprazamentos, retribucións, honorarios e custes sociais de todo o persoal ao seu cargo. Se incluirá así mesmo no prezo do billete, os voos internos que teñan que realizar os beneficiarios. Dado que os prezos dos billetes poden variar entre a data de presentación das ofertas e a efectiva data de emisión, se indicarán prezos unitarios máximos para cada billete individual, e un prezo máximo para cada país segundo o número de prazas previstas.
- No caso de que a duración da viaxe obrigue a pasar a noite nun aeroporto de escala, entenderase incluído no prezo do billete, os gastos de aloxamento e manutención dos beneficiarios.
- Compañías aéreas, aeroportos de saída, escala e destino, horarios e datas de voos.
- Prazo de emisión dos billetes, e posibilidade de realizar cambios posteriores á súa emisión, indicando no seu caso, a existencia de penalización económica.
- Especificacións pormenorizadas dos custos por anulación de billete de saída ou cambios de data de regreso para os casos excepcionais nos que un participante poda precisalo por razóns de forza maior.
- Condicións das prazas.
- Entidade colaboradora en cada país de orixe e nas cidades de saída dos voos, especificando enderezo, persoa responsable da entidade e teléfono de contacto.
- De se lo caso, prestacións sen custo, doutros servizos auxiliares que poidan supoñer algún tipo de vantaxe económica, social ou técnica para os beneficiarios do programa ou para a Secretaría Xeral de Emigración.



Oitava.- Publicidade

A campaña publicitaria para a difusión do programa será realizada directamente pola Secretaría Xeral de Emigración. En ningún caso a compañía adxudicataria fará ningún tipo de publicidade, agás que a Secretaría Xeral de Emigración o considere de interese para o bo fin do programa e dea o seu consentimento.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2008

O secretario xeral de Emigración

Conforme

O adxudicatario

Manuel Luis Rodríguez González